

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CMTCP01	Confección e moda	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0267	Corte de materiais	2023/2024	6	213	213

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ALMA MARINA RODRÍGUEZ GARCÍA (Subst.)
Outro profesorado	ALMA MARINA RODRÍGUEZ GARCÍA

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación didáctica está deseñada para pautar o desenvolvemento das ensinanzas do módulo Corte de materiais, conducente á obtención do título de Técnico en confección e moda segundo o decreto 72/2010 do 8 de abril.

A competencia xeral deste título consiste en confeccionar á medida e industrialmente pezas, complementos e outros artigos téxtiles e de pel, conforme especificacións de calidade, seguridade e protección ambiental.

As actividades profesionais asociadas son exercidas en establecementos e industrias de confección e moda adicados á preparación e o corte de materiais, á produción de pezas, ao remate industrial de pezas e complementos de vestir en téxtil e pel e artigos téxtiles para o fogar, usos industriais e deportivos. De igual modo, pode exercer a súa actividade en establecementos dedicados á realización de vestiario a medida.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de cortar tecidos e peles nos procesos de confección téxtil, e abrangue aspectos como a preparación e posta a punto de máquinas e equipamentos, e o mantemento de primeiro nivel de máquinas e instalacións. As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse no óptimo aproveitamento de marcadas, no corte de materiais e no control de calidade de produtos.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais b), c), d), e) e i) do ciclo formativo, e as competencias b), c) e f).

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Benvidos á sección de corte	Primeiros conceptos e características dos materiais a cortar	15	5
2	Materiais e patróns	Identificación dos patróns e a súa colocación para o corte	25	15
3	Estudo da marcada	Definición, procedemento e prácticas de marcas diferentes. Documentación asociada.	35	15
4	Estendidos	Definición, tipos e procedemento de estendido. Cálculo de marcas	20	10
5	O taller de corte: maquinaria e equipamento	Identificación de maquinaria, uso, mantemento e normas de seguridade	30	10
6	Toca cortar!	Sistemas e técnicas de corte	25	10
7	Marcadas por ordenador (Lectra)	Dixitalización de patróns e creación de modelos e marcas por ordenador	30	15
8	Preparación para a confección e xestión de residuos	Repaso, etiquetado, termofixado, empaquetado das pezas cortadas e xestión dos residuos xerados	15	10
9	A pel	Cálculo de consumo, marcada e corte de pel	18	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Benvidos á sección de corte	15

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza marcadas de tecidos, peles e outros materiais para o corte, tendo en conta a relación entre a disposición de patróns e a optimización.	NO
RA4 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e ambientais no corte de pezas, e identifica os riscos asociados e as medidas de prevención.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Distribuíronse os patróns consonte a súa marca de posición.
CA1.4.1 Distribuíronse os patróns consonte a súa marca de posición en exercicios básicos
CA1.8 Identifícaronse as fases que compoñen a operativa da sección de corte
CA4.3 Identifícaronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas e máquinas de corte.
CA4.7 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

4.1.e) Contidos

Contidos
Características dos materiais (CA1.2) Características dos materiais: dirección (pé, simetría, pelo e tomasol) As fases que compoñen a operativa da sección de corte Métodos/normas de orde e limpeza Normas de prevención de riscos. Limpeza e conservación das máquinas e do posto de traballo.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Materiais e patróns	25

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza marcadas de tecidos, peles e outros materiais para o corte, tendo en conta a relación entre a disposición de patróns e a optimización.	NO
RA4 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e ambientais no corte de pezas, e identifica os riscos asociados e as medidas de prevención.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Clasifícanse e describíronse as tolerancias dos materiais.
CA1.7 Identifícanse os patróns que conforman o modelo
CA1.7.1 Identifícanse as partes do patrón industrializado
CA1.7.2 Identifícanse os patróns que conforman o modelo
CA4.8 Aplícanse técnicas ergonómicas nas operacións de preparación e corte de tecidos, pel e outros materiais.
CA4.8.1 Aplícanse técnicas ergonómicas nas operacións de recepción e manipulación de primeiras materias

4.2.e) Contidos

Contidos
Tolerancias e comportamento dos materiais: clasificación.
Características dos materiais (CA1.2)
Características dos materiais: estruturas básicas e sentido do fío
Patróns que conforman o modelo
Recepción e revisión de primeiras materias: taras.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Estudo da marcada	35

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza marcadas de tecidos, peles e outros materiais para o corte, tendo en conta a relación entre a disposición de patróns e a optimización.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Distribuíronse os patróns consonte a súa marca de posición.
CA1.4.2 Distribuíronse os patróns consonte a súa marca de posición nas marcadas
CA1.5 Efectuáronse marcaxes e calculouse o rendemento de cada unha ata obter a maior porcentaxe posible de aproveitamento.
CA1.5.1 Efectuáronse marcaxes simples obtendo a maior porcentaxe posible de aproveitamento.
CA1.5.2 Realizouse o estudo de marcadas multitalle segundo a orde de corte e o tipo de material, obtendo o maior rendemento
CA1.5.2.1 Marcadas multitalle a man
CA1.5.3 Realizouse o estudo de marcadas de casado segundo a orde de corte e o tipo de material propostos, obtendo o maior rendemento
CA1.5.3.1 Marcadas de casado manuais
CA1.5.4 Realizouse o estudo de marcadas con múltiples compoñentes segundo a orde de corte e o tipo de material propostos, obtendo o maior rendemento
CA1.5.4.1 Marcadas con múltiples compoñentes manuais
CA1.11 Analizáronse e cumprimentáronse as fichas técnicas de marcadas e de corte

4.3.e) Contidos

Contidos
0Distribución dos patróns en diferentes tipos de tecidos e peles: Dirección do patrón sobre o tecido. Desviación angular. Cálculo do rendemento: procedementos de óptimo aproveitamento. Orde de corte. Fichas técnicas de marcaxes e de corte. Estudo de marcaxes: manual e informatizada.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Estendidos	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza marcadas de tecidos, peles e outros materiais para o corte, tendo en conta a relación entre a disposición de patróns e a optimización.	NO
RA2 - Prepara máquinas, equipamentos e instrumentos de corte en confección, xustifica a secuencia de operacións e identifica os parámetros de funcionamento.	NO
RA3 - Corta pezas tecidas, pel e outros materiais, e xustifica a técnica seleccionada en función do produto.	NO
RA4 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e ambientais no corte de pezas, e identifica os riscos asociados e as medidas de prevención.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Analizáronse os sistemas para estender de tecido en relación ás características do material.
CA2.1 Interpretouse a información necesaria para preparar o proceso de corte.
CA2.6 Realizouse a preparación e o mantemento con autonomía, orde, método, precisión e adecuación ao tipo de corte e de material.
CA2.6.1 Realizouse a preparación con autonomía, orde, método, precisión e adecuación ao tipo de corte e de material.
CA2.7 Interpretouse a información técnica nas actividades de preparación.
CA3.1 Estendeuse o material para o corte de xeito que se eviten deformacións, dobras e tensións.
CA3.4 Identificouse a secuencia de acordo coa información técnica, o tipo e a cantidade de compoñentes do artigo.
CA4.8 Aplicáronse técnicas ergonómicas nas operacións de preparación e corte de tecidos, pel e outros materiais.
CA4.8.2 Aplicáronse técnicas ergonómicas nas operacións de preparación

4.4.e) Contidos

Contidos
Criterios de disposición e preparación dos materiais para o corte e a empaquetaxe.
Sistemas e equipamentos para o óptimo aproveitamento do corte.
Información técnica para o proceso de corte.
Realizouse a preparación con autonomía, orde, método, precisión e adecuación ao tipo de corte e de material. (subcA 2.6.1.)
Sistemas para estender tecidos e peles.
Ergonomía nos procedementos para estender e cortar tecidos.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O taller de corte: maquinaria e equipamento	30

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara máquinas, equipamentos e instrumentos de corte en confección, xustifica a secuencia de operacións e identifica os parámetros de funcionamento.	NO
RA4 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e ambientais no corte de pezas, e identifica os riscos asociados e as medidas de prevención.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.2 Realizáronse as operacións de montaxe e desmontaxe dos elementos operativos, así como a lubricación, o engraxamento e a limpeza das máquinas de corte.
CA2.3 Afiáronse os elementos cortantes segundo procedementos e normas.
CA2.5 Realizouse o mantemento de primeiro nivel das máquinas de corte e a súa ferramenta.
CA2.6 Realizouse a preparación e o mantemento con autonomía, orde, método, precisión e adecuación ao tipo de corte e de material.
CA2.6.2 Realizouse o mantemento con autonomía, orde, método, precisión e adecuación ao tipo de corte e de material.
CA2.8 Descríbense os diferentes tipos de mantemento que cómpre facerlle á maquinaria e equipamento do taller
CA4.1 Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, útiles e máquinas de corte.
CA4.4 Descríbense as medidas de seguridade e de protección persoal que cumpra adoptar na preparación e na execución das operacións de corte.
CA4.5 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas de corte coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.

4.5.e) Contidos

Contidos
Mantemento de primeiro nivel en máquinas e ferramentas de corte en confección.
Documentación técnica de máquinas e equipamentos.
Realizouse o mantemento con autonomía, orde, método, precisión e adecuación ao tipo de corte e de material (SubCA2.6.2)
Máquinas auxiliares de corte.
Órganos operativos e ferramentas de corte.
Operacións de montaxe e desmontaxe de compoñentes en máquinas de corte.
Engraxamento e lubricación das máquinas.
Elementos cortantes: afiadura, calibraxe e posta a punto. Normas.
Normativa de seguridade na utilización de máquinas, útiles e equipamentos complementarios de corte.
Elementos de seguridade implícitos nas máquinas de corte de tecidos.

Contidos
Elementos externos de seguridade (luvas metálicas, lentes, etc.).
Condições de seguridade do posto de traballo.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Toca cortar!	25

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza marcadas de tecidos, peles e outros materiais para o corte, tendo en conta a relación entre a disposición de patróns e a optimización.	NO
RA2 - Prepara máquinas, equipamentos e instrumentos de corte en confección, xustifica a secuencia de operacións e identifica os parámetros de funcionamento.	NO
RA3 - Corta pezas tecidas, pel e outros materiais, e xustifica a técnica seleccionada en función do produto.	NO
RA4 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e ambientais no corte de pezas, e identifica os riscos asociados e as medidas de prevención.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizouse o comportamento no corte de tecidos, peles e outros materiais.
CA2.4 Axustáronse os parámetros de corte en función do material que se vaia cortar.
CA3.2 Selecionouse o sistema de corte consonte as indicacións técnicas.
CA3.3 Enumeráronse os parámetros que haxa que controlar na operación de corte para evitar desviacións.
CA3.8 Identificáronse os documentos das operacións de corte.
CA3.9 Elaborouse a documentación técnica (ordes, incidencias, produción, etc.).
CA4.2 Operouse coas máquinas de corte respectando as normas de seguridade.
CA4.8 Aplicáronse técnicas ergonómicas nas operacións de preparación e corte de tecidos, pel e outros materiais.
CA4.8.3 Aplicáronse técnicas ergonómicas nas operacións de corte de tecidos, pel e outros materiais

4.6.e) Contidos

Contidos
Sistemas de seguridade das máquinas: funcionamento e comprobación.
Máquinas de corte convencional, por presión e por control numérico.
Parámetros que interveñen no proceso de corte.
Técnicas de corte: corte convencional, con coitelas e serra fita, con chorro de auga ou láser, por cuño e informatizado.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Marcadas por ordenador (Lectra)	30

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza marcadas de tecidos, peles e outros materiais para o corte, tendo en conta a relación entre a disposición de patróns e a optimización.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Efectuáronse marcaxes e calculouse o rendemento de cada unha ata obter a maior porcentaxe posible de aproveitamento.
CA1.5.2 Realizouse o estudo de marcadas multitalle segundo a orde de corte e o tipo de material, obtendo o maior rendemento
CA1.5.2.2 Marcadas multitalle a ordenador
CA1.5.3 Realizouse o estudo de marcadas de casado segundo a orde de corte e o tipo de material propostos, obtendo o maior rendemento
CA1.5.3.2 Marcadas manuais a ordenador
CA1.5.4 Realizouse o estudo de marcadas con múltiples compoñentes segundo a orde de corte e o tipo de material propostos, obtendo o maior rendemento
CA1.5.4.2 Marcadas con múltiples compoñentes a ordenador
CA1.12 Dixitalizáronse os patróns do modelo

4.7.e) Contidos

Contidos
<p>Procedemento para a realización de marcadas por ordenador: modelo, crear marcada e encaixe</p> <p>Dixitalización de patróns</p> <p>Referencias internas e externas dos patróns.</p> <p>Programas informáticos de corte: regulación, axuste e aplicación.</p>

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Preparación para a confección e xestión de residuos	15

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Corta pezas tecidas, pel e outros materiais, e xustifica a técnica seleccionada en función do produto.	NO
RA4 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e ambientais no corte de pezas, e identifica os riscos asociados e as medidas de prevención.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.5 Verifícase a calidade dos compoñentes cortados.
CA3.5.1 Descríbense os parámetros que definen o estándar de calidade a aplicar
CA3.5.2 Verifícase a calidade dos compoñentes cortados segundo o estándar de calidade establecido
CA3.6 Comprobase a correspondencia das pezas cortadas coas sinaladas na orde de produción.
CA3.7 Clasifícanse, etiquétanse e empaquetáanse as pezas cortadas segundo a ficha técnica.
CA3.7.1 Clasifícanse as pezas cortadas para a aplicación de entreteas e/ou reforzos
CA3.7.2 Etiquétanse, agrúpanse e empaquetáanse as pezas cortadas segundo a ficha técnica
CA4.6 Identifícanse as posibles fontes de contaminación ambiental.
CA4.9 Clasifícanse os residuos xerados no proceso de corte.
CA4.9.1 Clasifícanse os residuos xerados no proceso de corte.
CA4.9.2 Propúxense formas de reutilizar e/ou reciclar os residuos xerados no proceso de corte.

4.8.e) Contidos

Contidos
Control de pezas cortadas. Calidade: Número de compoñentes. Control de medidas. Piquetes exteriores e marcas interiores.
Identificación de pezas: etiquetaxe e empaquetaxe.
Documentación técnica: fichas técnicas e rexistro de incidencias.
Estándar de calidade (SubCA3.5.1)
Operacións de preparación: aplicación de entreteas (SubCA3.7.1)
Residuos no proceso de corte.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	A pel	18

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza marcadas de tecidos, peles e outros materiais para o corte, tendo en conta a relación entre a disposición de patróns e a optimización.	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Realízouse a marcaxe sobre pel consonte as normas esixidas de calidade.
CA1.9 Identifícaronse, clasificáronse e marcáronse os defectos das peles
0CA1.10 Calculouse a superficie útil das pezas de pel

4.9.e) Contidos

Contidos
Comportamento de tecidos, peles e outros materiais no corte.
Cálculo da pietaxe e rendemento

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

1. MÍNIMOS ESIXIBLES:

Tras analizar a realidade da contorna do centro e as posibles saídas laborais do alumnado, considero unha serie de criterios de avaliación como claves na consecución da competencia establecida no currículo. A superación dos mesmos é polo tanto imprescindible para a avaliación positiva do módulo. Estes criterios de avaliación están sinalados cun SI no apartado mínimo esixible, para cada unidade didáctica, no apartado 4.d., e que se resumen a continuación:

"Trazar marcadas de prendas e produtos a man e a ordenador, respectando a disposición dos patróns, as características do material e conseguindo un aproveitamento óptimo. Preparar máquinas, equipamentos e instrumentos de corte en confección, estender os materiais e cortar as marcadas feitas xustificando a técnica seleccionada en función do produto, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e ambientais identificando os riscos e as medidas de prevención."

2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A forma de avaliar será continúa, coa análise do proceso de ensinanza-aprendizaxe tódolos días.

2.1. CUALIFICACIÓN

A nota de cada unha das avaliacións parciais virá dada pola suma das puntuacións ponderadas acadadas en cada unha das actividades calificables. A puntuación será de 1 a 10, sendo aprobado a partir dos 5 puntos. Para que sexa positiva, terán que ser superados tódolos CA asignados como mínimos esixibles. No caso contrario, non se superará a avaliación, obtendo como máximo un 4, e deberán recuperarse.

Aplicarase o redondeo matemático a partir dunha cualificación de 5 para determinar a nota final de cada avaliación trimestral.

2.2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos empregados nas actividades calificables dentro de cada UD serán os indicados no apartado 4.c. asociados a cada un dos CA. E serán aplicados nas seguintes porcentaxes:

Un 70% en base a listas de cotexo e táboas de observación, e un 30% en base a probas escritas.

2.3. TAREFAS

As entregas dos produtos deberán ser feitas na data e forma sinaladas para este fin, agás motivo debidamente xustificado; a puntualidade na entrega será parte da avaliación da tarefa.

As tarefas que esixan o uso de ferramenta e equipamento de taller, serán realizadas exclusivamente neste; o resto de traballos poderá rematarse na casa.

2.4. AVALIACIÓN FINAL

A avaliación final será a media ponderada da nota acadada en cada unha das UD, sendo a mesma cualificación na terceira avaliación que na final no caso dos alumnos que superen o módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

RECUPERACIÓN TRIMESTRAL DA PROBA ESCRITA:

Para o alumnado que suspenda a proba escrita algún dos trimestres poderá recuperala ó inicio do trimestre seguinte, na data fixada polo docente para tal fin. Solo se poderán recuperar deste xeito as probas escritas, no caso das tarefas avaliadas a través de listas de cotexo ou táboas de observación, a recuperación será no período da avaliación final.

O peso na calificación da recuperación será o mesmo que tiña a proba escrita ordinaria. A cualificación definitiva destes módulos farase efectiva na avaliación final de módulos.

RECUPERACIÓN NA AVALIACIÓN FINAL:

Entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final de módulos deixarase un período non superior a tres semanas que, entre outras actividades, se destinará á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes.

Para o alumnado que teña módulos pendentes logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva destes módulos farase efectiva na avaliación final de módulos.

Estas actividades serán avaliadas polo profesor e terán superar alomenos a metade da nota de cada unha das tarefas pendentes para ser superadas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.

A proba de avaliación extraordinaria estará composta dun conxunto de actividades teóricas e/ou prácticas nas que se verán representados os Criterios de Avaliación do módulo. O reparto dos instrumentos de avaliación empregados serán os seguintes:

30% en base a proba escrita, e 70% en base a listas de cotexo e/ou táboas de observación.

Para acadar o aprobado o alumno terá que superar como mínimo 5 puntos sobre 10.

A normativa a seguir no relacionado ás faltas de asistencia e a súa xustificación, é a recollida na guía do alumnado para o presente curso.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán

- O grao de cumprimento da temporalización.
- O logro dos obxectivos programados.
- Os resultados académicos acadados.

Realízase o seguimento da programación mensualmente na páxina habilitada para tal fin

A avaliación da práctica docente realizarase según procedemento do SXC do CIFP MANUEL ANTONIO a través de cuestionarios que se pasarán aos alumnos ao longo do curso, nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, á forma de traballo na aula e no taller, ás técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

- Tal e como se establece na lexislación vixente, ORDE do 12 de xullo de 2011, pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, no seu artigo 28: "Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades".
- Así mesmo, deberá servir para orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente.
- Para este módulo pasarase durante a primeira quincena de Setembro, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivación do alumnado) que se complementará cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula. Con este cuestionario preténdese coñecer ben ao alumnado e poder así clasificar e adaptar a programación ao nivel dos mesmos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Se calquera dos alumnos ou alumnas que están a cursar un módulo, non responde globalmente aos obxectivos programados, proporanse para cada un deles e de xeito individualizado as seguintes actuacións, xunto con outras posibles no marco de acordos do equipo docente, logo da detección de casos e situacións concretas:

1. Aplicar o establecido no apartado de contidos mínimos.
 2. Reforzar con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado, máis sempre no contexto dos mínimos de cada capacidade terminal.
 3. Tomar como referencia os aspectos máis esenciais do perfil profesional característico do título. Asemade reforzase a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos.
 4. Adaptaranse tamén as actividades de ensinanza-aprendizaxe, exixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables. Darase a oportunidade á realización de actividades extra para compensar as carencias que son detectadas. Desta maneira, favorecerase a autoestima do alumnado e valorase o esforzo que realiza para mellorar o seu rendemento. Todo de cara a realizar as oportunas modificacións nas programacións, sobre todo no ámbito da aula, para conseguir unha plena integración de todo o alumnado na dinámica da materia e un desenvolvemento correcto das súas capacidades.
 5. Para levar a cabo calquera tipo de reforzo ou adaptación (sempre en colaboración co titor e coa orientadora) deberanse revisar algúns elementos básicos da programación: as capacidades terminais e os contidos mínimos e o desenvolvemento dos máis importantes en cada caso. Establecemento de obxectivos ou contidos alternativos e /ou complementarios. Modificación, ampliación ou eliminación de obxectivos ou contidos. Variacións na secuencia de contidos (temporalización).
 6. A metodoloxía: técnicas de traballo cooperativo, actividades en pequeno grupo con dificultade gradual, actividades de reforzo, poden ser alternativas, reforzo positivo, valorar as capacidades do/a alumno/a para tratar de mellorar a súa autoestima.
- En canto ó alumnado que presente altas capacidades programaranse actividades de ampliación seguindo sempre as pautas marcadas no currículo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os aspectos transversais relacionados co módulo son os seguintes:

- Novas tecnoloxías, TIC, están incluídas nos recursos utilizados e serán de uso común.
- Prevención de riscos e seguridade e hixiene no traballo, son conceptos que veñen recollidos nos propios criterios de avaliación do módulo.

Por tanto non só están incluídos como aspectos transversais senón que son avaliábeis.

- Educación medioambiental. As materias primas que utilizamos, inciden directamente na calidade do medio ambiente. O uso de materias téxtiles naturais o reciclaxe e a sustentabilidade estarán presentes intrínsecamente pero tamén en forma de actividades específicas

Ademáis, no desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos, o traballo cooperativo, a educación cívica, a igualdade sexual e de xénero e a educación para a convivencia. Estes conceptos, así como respecto aos compañeiros, docentes, talleres, e material de traballo traballarase a través de diferentes actividades.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS Á FORMACIÓN (ACF):

- Conferencias e charlas especializadas.
- Cursos monográficos.
- Outras actividades dentro ou fóra do centro como resultado da colaboración deste con outras institucións ou organismos en actos de carácter benéfico.
- Actividades que xurdan fóra do centro durante o curso e que o Departamento Téxtil considere oportunas.
- Visitas a distintas empresas do sector téxtil, feiras e exposicións, que poidan aportar cousas interesantes ao alumnado na súa futura vida profesional.

10. Outros apartados

10.1) Programación

Para facilitar ao alumnado dende comezo de curso a información pertinente sobre a programación oficial do módulo, esta explicárase na aula e colgarase na páxina do Centro. Ademáis de a través da aula virtual.